Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://cmaot.xunta.gal
avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal

galicia

NOVAFRIGSA, S.A.
Lamablanca – Coeses, s/n
27181 Lugo

01 OCT. 2018

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 27/09/2018 11:08:00
SAÍDA 11201 / RX 1399209

AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. REMISIÓN DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Nome do plan: Plan parcial de solo industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I
Promotor: Novafrigsa, S.A.
Órgano substantivo: Concello de Lugo
Expediente: 2018AAE2214
Código web: 2094/2018

Achégolle Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao Plan parcial de solo industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I no concello de Lugo, promovido por Novafrigsa, S.A..

Remítese tamén unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan e que corresponden aos seguintes organismos:

- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

José Manuel Tobío Boquete

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

01 OCT. 2018

RESOLUCIÓN DO 10 DE SETEMBRO DE 2018 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN PARCIAL DE SOLO INDUSTRIAL NO SECTOR DE SOLO URBANO DELIMITADO COESES-CUIÑA S-1.I, NO CONCELLO DE LUGO

Promotor: Novafrigsa, S.A.
Órgano substantivo: Concello de Lugo
Expediente: 2018AAE2214
Código web: 2094/2018

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do concello de Lugo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, o 29.04.2011; estando pendente a aprobación definitiva final.

2. O día 21.05.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito do Concello de Lugo para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan parcial de solo industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I.* Achegaba a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan presentados polo promotor.

3. O día 24.05.2018 esta Dirección Xeral iniciou, a través da súa sede electrónica, un período de consulta pública dos documentos recibidos por un prazo de dous meses. Ao mesmo tempo consultouse ás administracións públicas afectadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) integrou no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o Regulamento (RLSG) que desenvolve a devandita Lei do solo.

2. Segundo o previsto no artigo 46.2b) da LSG, o planeamento de desenvolvemento debe someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

3. De acordo co artigo 75.3b) da LSG, o órgano ambiental -tras consultar ás administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses- formulará o informe ambiental estratéxico, que determinará se o plan ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

4. O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaría pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do Plan parcial

Ámbito de actuación: sector de solo urbanizable industrial SUD S-1.I previsto no PXOM, situado entre os núcleos rurais do Vilar (parroquia de Santa Eulalia de Cuiña) e Vilalvite (parroquia de Santa María Madalena de Coeses), no concello de Lugo.



Ámbito de actuación

Superficie: 321.349 m^2

Obxecto: desenvolver o sector urbanizable e habilitar solo para a ampliación das instalacións existentes pertencentes á industria agroalimentaria Novafrigsa.

Proposta: barállanse dúas alternativas de ordenación: a "1" ou de mantemento da situación actual, desbotada por limitar as posibilidades de crecemento da industria existente, e a "2" que consiste en tramitar o Plan parcial conforme os parámetros urbanísticos fixados no PXOM. Esta última foi a alternativa elixida.

A ordenación detallada propón a seguinte zonificación:

- Uso **industrial** privado (177.337 m^2) que se corresponde coa parcela onde se implanta a industrial agroalimentaria en funcionamento, e parcelas vacantes da contorna. Tamén se prevé unha parcela de cesión ao Concello co mesmo uso (20.368 m^2), situada ao norte do ámbito.
- Uso **terciario** subministro combustible privado (1.708 m^2), situado nunha pequena parcela xunto ao acceso principal ás instalacións.
- **Espazo libre** de sistema xeral (33.142 m^2) e de sistema local (44.983 m^2). O sistema local abarca a franxa de terreo dispoñible entre o viario de acceso e o perímetro suroeste, así como terreos adxacentes ao uso industrial polo sueste. O sistema xeral ocupa unha franxa de terreo na marxe sueste, en continuidade co espazo libre de sistema local. Nesta zona protéxese unha masa arbórea mixta constituída fundamentalmente por carballos.
- **Equipamento** de sistema local (5.880 m^2), situado ao norte do sector.

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

- Equipamento de **servizos urbanos** privado (16.645 m^2), situado na zona sur do ámbito, entre o uso industrial e o espazo libre. Inclúe unha estación de depuración privada que pertence a industria en funcionamento.
- A **rede viaria** (21.285 m^2), que inclúe parte da estrada municipal que pasa xunto a industria, un viario de acceso en fondo de saco, unha vía peonil pública que conecta a estrada municipal co espazo libre, e os aparcadoiros.



Ordenación detallada do Plan parcial

A actividade industrial xa conta con infraestruturas de servizos propias que resolven o abastecemento, o saneamento e o subministro eléctrico.

Ademais, prevese a conexión do ámbito á rede de abastecemento de auga municipal a través dunha canalización que variará de diámetro dependendo de se Novafrigsa se conecta ou non á rede.

O saneamento resolverase provisionalmente a través da depuradora existente dentro das instalacións de Novafrigsa, mentres non se execute a nova depuradora prevista polo PXOM.

Respecto da rede eléctrica, contémplase o soterramento da rede de media tensión que cruza o sector polo norte, a través da cal se dará servizo ao ámbito.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O sector de solo urbanizable SUD S-1I localízase a 7 km ao sur da cidade de Lugo, na vertente oeste da conca do río Miño.

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

A contorna do Plan parcial é rural, con presenza de explotacións forestais e diversos cultivos agrícolas. Limita ao norte e oeste con solo rústico de protección agropecuaria-forestal e co núcleo rural do Vilar; e ao sur e oeste con solo rústico de protección forestal e co núcleo rural de Vilalvite. Gran parte do ámbito está ocupado polas instalacións da empresa agroalimentaria Novafrigsa.

A topografía é chaira, agás na marxe oeste, con pendentes moderadas que van ascendendo a medida que o terreo se aproxima ao río Miño e ao rego de Vilavite, a 500 m e 200 m respectivamente. O Catálogo das **paisaxes** de Galicia inclúe os terreos do Plan parcial dentro da comarca paisaxística de "Lugo", formando parte da grande área paisaxística "Chairas e Fosas Luguesas". O ámbito non afecta a ningunha Área de especial interese paisaxístico.

No ámbito e a súa contorna non se insiren espazos naturais protexidos, nin tampouco se ve afectado por elementos da rede hidrográfica superficial. O sector localízase dentro da zona de transición da Reserva da Biosfera "Terras do Miño". Lindeiro co sector sitúase o monte veciñal en man común de "Lamabranca, Lagoa e Paramelo".

O borrador identifica un elemento de interese patrimonial situado dentro do ámbito, denominado "Cruceiro de Lamabranca". Na contorna localízase o "Núcleo rural protexido do Vilar" e o xacemento arqueolóxico de "Trigás (muralla)", recollido no PXOM co código GA27028150. Así mesmo, na reportaxe fotográfica incorporada no borrador, detéctase a presenza de varios tramos de muros de chantos.

En canto as redes de comunicacións, o sector é lindeiro a unha estrada municipal que enlaza coa estrada da deputación LU-2906 (nordeste) e coa LU-2907 (suroeste), ambas conectan coa estrada LU-612, que constitúe o principal acceso á cidade.

A actividade empresarial conta con autorización ambiental integrada, mediante resolución de 30 de abril de 2008, renovada o 14 de abril de 2011.

En canto aos riscos, sinalar que ao noroeste do ámbito localízase unha instalación de "Gas natural distribución SDG, SA" afectada polo Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas. Así mesmo, o concello de Lugo está declarado como zona de alto risco de incendio forestal.

2. Período de exposición pública e consultas previas

Durante o período de consultas previas recibiuse resposta da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

O promotor deberá considerar a totalidade destas observacións no proceso de elaboración do Plan parcial, para o cal se lle remiten os textos íntegros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas:

<u>Dirección Xeral de Patrimonio Cultural</u>

Informa que o Plan parcial non recolle o xacemento arqueolóxico de "Trigás (muralla)", recollido no PXOM co código GA27028150. O seu contorno de protección é lindeiro coa delimitación do sector e nesta zona proponse ampliar e mellorar o viario e as redes de instalacións, o que supón unha afección directa. Así mesmo, aportan unha reportaxe fotográfica que amosa a existencia de varios tramos de muros de chantos sobre os que cómpre estudar a súa localización, extensión e características, ao obxecto de valorar a necesidade da súa protección ou salvagarda. No caso de considerarse conveniente o seu mantemento, integraranse na nova ordenación e redactarase unha

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

ordenanza que garanta a súa salvagarda. As medidas de protección propostas no informe inclúen unha prospección exhaustiva do ámbito e a súa contorna, delimitación dos bens e do seu contorno de protección -atendendo aos criterios citados no informe-, e redacción do Catálogo. Engadirase ao Catálogo o xacemento arqueolóxico "Trigás (muralla)". Ademais o informe recolle unha serie de correccións á ficha do cruceiro catalogado, cuestións normativas a incorporar e consideracións sobre os planos de ordenación.

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

Informa que no ámbito de Plan parcial non se producen interaccións con proceso algún de concentración parcelaria, polo que non procede efectuar alegacións ao plan presentado.

3. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O Plan parcial non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados, nin tampouco inflúe noutros plans ou programas.

O Plan parcial desenvolve un ámbito no que xa existe unha industria en funcionamento que se pretende ampliar. Neste sentido, os efectos ambientais que se prevén co desenvolvemento do Plan parcial non van variar substancialmente os xa producidos ata a actualidade, non entanto, cómpre considerar que:

- Respecto do patrimonio cultural, a mellora do viario norte e das redes de instalacións pode afectar ao contorno de protección do xacemento arqueolóxico de "Trigás (muralla)". Asemade, os tramos de muros de chantos identificados poderían verse afectados polas actuacións previstas.
- Malia que a ampliación das instalacións industriais existentes pode xerar efectos moderados na paisaxe rural da contorna, a posición de zonas verdes no perímetro suroeste e sueste contribuirá a mitigar o impacto visual cara a conca do río Miño.

Considerando o exposto, conclúese que non se agardan efectos ambientais significativos co desenvolvemento do Plan parcial, se ben deberanse adoptar medidas suficientes para asegurar a conservación do patrimonio cultural e a mellor integración paisaxística posible.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Plan parcial de solo industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I, no concello de Lugo.* Non obstante, co obxecto de acadar unha mellor integración ambiental do Plan, establécense as seguintes **determinacións**:

- Realizarase unha prospección exhaustiva do ámbito de actuación co obxecto de identificar con precisión todos os bens merecedores de protección, asemade ampliarase a dita prospección fóra do ámbito pola posible afección do contorno de protección doutros bens localizados na contorna adxacente. Realizada a prospección, deberanse delimitar os bens identificados e o seu contorno de protección para a súa inclusión no Catálogo e a súa representación nos planos de ordenación.
- Respecto dos muros de chantos existentes no ámbito, estudarase a súa localización, extensión e características. De considerase conveniente o mantemento destes elementos tradicionais, integraranse na nova ordenación do ámbito e establecerase unha ordenanza que garanta a súa salvagarda.
- Engadirase ao Catálogo de patrimonio cultural o xacemento arqueolóxico de "Trigás (muralla)".

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

- Co fin de favorecer a integración paisaxística das edificacións previstas suxírese adoptar as medidas que resulten oportunas; entre outras, favorecer o emprego de materiais e cores que suavicen o contraste coa contorna, fomentar a homoxeneidade da volumetría das naves, limitar as fragmentacións visuais xeradas polos peches, regular a implantación de rótulos e sinais e limiten as superficies metálicas que xeren brillos.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

José Manuel Tobío Boquete

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Plan parcial de solo industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I, no concello de Lugo.*** Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais adversos, integraranse no planeamento as determinacións establecidas na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico remitirase ao promotor e ao Concello de Lugo, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación do Plan parcial. Asemade, farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal).

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase o Plan parcial no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do Plan parcial.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 54 00
Fax: 981 544 830

galicia

01 OCT. 2018

OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN CO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA DO EXPEDIENTE DO PLAN PARCIAL DE SOLO INDUSTRIAL NO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO COESES-CUIÑA S-1.I (CONCELLO DE LUGO)

Trámite:	Consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada
Documento:	Borrador e documento ambiental estratéxico (DAE) do *Plan parcial de solo industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I*
Ámbito:	Sector de solo urbanizable delimitado Coeses-Cuiña S-1.I
Autor:	SERVICAT arquitectura y urbanismo
Promotor:	Novafrigsa, S.A.
Data da solicitude:	24.05.2018
Código web:	2094/2018
Expediente:	2018/1244

MARCO LEGAL

O planeamento vixente no concello de Lugo é o Plan Xeral de Ordenación municipal do 29.04.2011 (Aprobación definitiva parcial condicionada).

É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

INTRODUCIÓN

En virtude do previsto no artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), o 24.05.2018 acórdase pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático *"Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un prazo de 2 meses o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan parcial de solo industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I, no concello de Lugo".* De acordo co artigo 5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, enténdese por "administracións públicas afectadas" as que teñen competencias nunha serie de materias entre as que se inclúen os bens materiais e o patrimonio cultural.

No marco do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27), correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia. O artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG) establece que todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural. En base á dita competencia formúlanse as seguintes observacións e suxestións ao *Plan parcial de solo industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I.*

1. Obxecto do expediente

O OBXECTO do Plan parcial (en diante PP) é a obtención e urbanización de solo coas seguintes finalidades:

- Facilitar a ampliación das instalacións de Novafrigsa para o desenvolvemento de actividades industriais vinculadas ao sector agropecuario e á alimentación.
- Realización de infraestruturas e mellora das existentes, dando solución aos problemas do tráfico rodado.
- Formalización dun espazo verde cara o sur que fará de zona de amortecemento ou barreira natural entre a zona industrial e os arredores.
- Cara o norte, creación dun espazo de equipamento público, que o PP propón que sexa de uso predominantemente deportivo, aínda que o concello de Lugo poderá propoñer outro uso dotacional diferente.

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

O ÁMBITO localízase no lugar de Lamablanca, entre as parroquias de Santa Eulalia de Cuiña e Santa María Madalena de Coeses, é coincidente co sector definido polo PXOM denominado COESES-CUIÑA S-1.I, de 321.349 m² de superficie bruta.

2. Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia

O borrador recolle no seu punto 7. *Catálogo de elementos de interese patrimonial* do apartado II.1. *Memoria informativa*, o "Cruceiro de Lamabranca (Novafrigsa)" (Ficha nº1: Cuiña (C) – 4. Ben de Interese Cultural) localizado no interior do sector, do que se achega a ficha do PXOM vixente e unha nova ficha incluída no Catálogo do propio PP, co seu contido adaptado á vixente LPCG.

No documento non se recolle o seguinte ben do patrimonio cultural:

- "Trigás (muralla)", xacemento arqueolóxico recollido no catálogo do PXOM co código GA27028150. O borrador indica que *"a priori, ningún dos xacementos é susceptible de verse afectado polo desenvolvemento do PP"*, mais:
  - O seu contorno de protección é lindante coa delimitación do sector, como pode verse no plano de ordenación do PXOM (Anexo 1 deste informe).
  - Na ficha do estudo medioambiental do PXOM sobre o PP, achegada no punto 5.2 (do apartado II.1. *Memoria informativa)* do borrador, indícase respecto dos valores ambientais e culturais do ámbito que "no límite setentrional o sector linda cunha zona de protección dun conxunto de xacementos arqueolóxicos dun elevado interese, ademais o xacemento nº 150 atópase na zona adxacente", e como recomendacións e medidas particulares sinálanse "medidas preventivas relacionadas coa posible afección de xacementos arqueolóxicos non documentados".
  - Ademais o PP propón actuar neste punto (ampliación e mellora do vial e das redes de instalacións), o que supón unha afección directa ao contorno de protección deste elemento.

Por outra banda, na reportaxe fotográfica achegada, e coa axuda da ferramenta *Googlemaps Streetview*, pode comprobarse a existencia de varios tramos de muros de chantos (achégase imaxe dalgún deles no Anexo 2 deste informe), sobre os cales compre sinalar o seguinte:

- A LPCG define no artigo 91 o patrimonio etnolóxico de Galicia, do que forman parte os elementos configuradores da estruturas tradicionais, como son a rede de camiños, os muros tradicionais, as sebes, tapias, noiros e outros semellantes.
- Dado que se presume valor cultural e patrimonial neste tipo de elementos, cómpre estudar a súa localización, extensión e características, ao obxecto de valorar a necesidade da súa protección ou salvagarda.

A normativa relativa ao patrimonio cultural atópase contida no Título IV. *Ordenanza de protección do patrimonio cultural* do borrador, o cal inclúe o obxecto e ámbito de aplicación, o réxime de autorizacións, niveis de protección, tipos de actuacións e obras, e obras permitidas segundo os diferentes niveis de protección.

3. Medidas protectoras e correctoras

a. A determinación excluínte 9.3 das DOT establece que *"calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación, o recoñecemento das súas características e das súas relacións co territorio e a análise das posibilidades de integralos como un elemento máis da actuación.*

   Os traballos de análise referidos incorporarán unha prospección, entendida como a exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudo, para a detección de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario de patrimonio cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico".

   En cumprimento desta determinación, en ámbitos que non conten cunha prospección destas características realizada cunha antigüidade menor de 5 anos, realizarase unha prospección exhaustiva da área, co obxecto de identificar con precisión todos os bens merecedores de protección dentro do ámbito da actuación concreta. Ademais, pola posible afección do contorno de protección doutros bens localizados en ámbitos adxacentes, a prospección ampliarase fóra do ámbito para incluílos.

   Unha vez feita a prospección e toda vez identificados, deberanse delimitar os bens e o seu contorno de protección. para a súa inclusión no Catálogo e a súa representación nos planos de ordenación:

b. Ademais dos elementos que, de ser o caso, se atopen como resultado da prospección, engadirase ao Catálogo o xacemento arqueolóxico "Trigás (muralla)", código GA27028150.

c. Para todos os bens que formen parte do Catálogo de elementos protexidos:
   - Elaborarase ficha individual de cada un dos bens, actualizando o seu contido á vixente LPCG.
   - A delimitación do ben e do seu contorno de protección quedarán debidamente representados tanto nas fichas como nos planos de ordenación.

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 54 00
Fax: 981 544 830

galicia

- Cómpre sinalar que os contornos de protección deberanse delimitar seguindo as preexistencias do territorio, atendendo á relación dos bens coa área territorial á que pertence, e seguindo as pegadas físicas existentes no territorio próximo (límites de parcelas, camiños, muros, cómaros,...), evitando en todo caso liñas xeométricas abstractas. Non é un criterio atinado aplicar estritamente criterios de distancia, aínda que distancias establecidas para a delimitación xenérica poderán tomarse como punto de partida.

d. Respecto da ficha do Cruceiro de Lamabranca achegada, corrixiranse as seguintes cuestións:
   - Segundo o artigo 8 da LPCG, a denominación correcta para o tipo de ben é "clasificación" e non categoría.
   - Engadirase tamén a categoría, regulada no artigo 10 da LPCG.
   - A súa condición de ben etnográfico sinalarase como especificidade do ben, e non como categoría[1].
   - Redelimitarase o contorno de protección do cruceiro, tendo en conta o indicado no punto 3.c
   - Engadirase a referencia ao artigo 52 da LPCG, no que se regulan as condicións do seu desprazamento

e. Respecto dos muros de chantos existentes no ámbito, estudarase a súa localización, extensión e características, e de considerarse conveniente o mantemento destes elementos tradicionais, integraranse na nova ordenación do ámbito e establecerase unha ordenanza que garanta a súa salvagarda.

f. Nos planos de Ordenación:
   - Representaranse os bens do patrimonio cultural e o seu contorno de protección, tanto dos coñecidos como aqueles novos que, de ser o caso, aparezan como resultado da prospección. Faise fincapé no elemento arqueolóxico GA27028150, xa que é necesario valorar o impacto da proposta sobre o dito elemento. En calquera caso a execución das obras evitará a súa afectación ao contorno protexido (depósito de materiais, paso de maquinaria, etc).
   - Corrixirase o contorno de protección do cruceiro segundo o indicado anteriormente no apartado 3.c
   - De considerarse conveniente a salvagarda dalgún tramo dos muros de chantos existentes no ámbito, grafarase a súa posición para telos en conta na ordenación detallada dos ámbitos, especialmente:
     - Na parte norte do ámbito, lindante ademais coa zona de protección arqueolóxica, na que se propón a ampliación do vial.
     - Na zona sur, na que o PP formula unha zona verde, na que sería doado acadar unha axeitada integración destes elementos como estruturadores da nova ordenación.

g. Na Normativa do patrimonio cultural:
   - Xa que no punto 7. *Catálogo de elementos de interese patrimonial* do borrador se citan os elementos do patrimonio cultural afectados polo ámbito, engadiranse no documento definitivo o ben arqueolóxico GA27028150, e todos aqueles que aparezan como resultado da prospección.
   - Engadiranse os criterios de intervención nos bens do patrimonio cultural segundo a LPCG:
     - Cando se trate da afección a bens do patrimonio cultural, estarase ao disposto no artigo 44 da LPCG.
     - Cando se trate da afección aos contornos de protección, estarase ao disposto no artigo 45 da LPCG (as intervencións serán, de calquera xeito, coherentes cos valores xerais do ámbito), e cumpriranse os criterios específicos de intervención nos ámbitos de protección, contidos no artigo 46 da LPCG.
   - De considerarse conveniente conservación dos muros de chantos existentes no ámbito (segundo o resultado do estudo indicado no apartado 3.d.), engadirase a ordenanza que garanta a súa salvagarda.
   - Incluirase o relativo ao patrimonio arqueolóxico, regulado no capítulo IV, do Título VII da LPCG.
   - No relativo ao control arqueolóxico, estarase ao disposto na LPCG e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia.

1 Título VII. Bens culturais específicos da LPCG

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

CONCLUSIÓNS

O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións ao *Plan parcial de solo industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I.*

Unha vez aprobado inicialmente o plan parcial, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que se deberá achegar o documento debidamente dilixenciado.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

A directora xeral do Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Ínsua

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE CULTURA
DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano, Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 54 00
Fax: 981 544 830

galicia

ANEXO 1. Xacemento arqueolóxico *Trigás (muralla)*, código GA27028 150, en relación co ámbito.



ANEXO 2. Imaxes dalgúns tramos de muros de chantos existentes no ámbito.

Imaxe do peche do camiño de lousas de pedra verticais na marxe lateral dereita

Zona destinada a espazos libres públicos

Vista da zona SGSUZ-EL-18 situada na parte sureste do sector destinada a espazos libres e zonas verdes

Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral
de Desenvolvemento Rural

galicia

01 OCT. 2018

INFORME EMITIDO POLO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DE LUGO.

ASUNTO: Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan Parcial de solo industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I, Concello de Lugo

Con data 24 de maio de 2018, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático acorda someter a consulta pública o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan Parcial de Solo Industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I, delimitado entre o núcleo rural de Vilar da parroquia de Santa Eulalia de Cuiña e o de Vilalvite, parroquia de Santa M.ª Madalena de Coeses (Concello de Lugo), co obxecto que, de ser o caso, se realicen as alegacións que se estimen oportunas.

Consideracións legais e técnicas

1. Segundo o borrador do plan dispoñible para consulta no enderezo web http://cmaot.xunta.gal, expediente 2018AAE2214 (Código web 2094/2018), Novafrigsa S.A. en colaboración co Concello de Lugo promove a delimitación do Plan Parcial de Solo Industrial no sector de SUD Coeses-Cuiña S-1.I, o que suporá o desenvolvemento mediante a ordenación pormenorizada do sector delimitado polo PXOM de Lugo vixente deste terreo cualificado como SUD.

2. O Concello de Lugo conta con Planeamento Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente, de forma parcial e condicionada, o 19/01/2012.

3. O artigo 75.3 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* – en adiante LSG - establece o procedemento de aprobación dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada en virtude do disposto no artigo 46.2 do mesmo texto legal.

4. Segundo o disposto no artigo 34.2. a) da LSG, o solo rústico de protección agropecuaria estará *"constituído polos terreos que foran obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira".* En termos semellantes se pronuncia o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o *Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* -en adiante RLSG-, que no seu artigo 49 cita: *Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración ou reestruturación parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.*

5. É a Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, quen ostenta as competencias en materia de reforma das estruturas agrarias, así como sobre a preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas, en virtude do *Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.*

CVE: 4Bu1KDli35
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Aprobado definitivamente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Asdo.: Rafael José del Barrio Berbel

Documento asinado dixitalmente
por Rafael José del Barrio Berbel o día 06/07/2022

Metodoloxía

Para realizar o estudo relativo ás potenciais afeccións do proxecto sometido a información sobre o ámbito competencial deste organismo, comprobouse a existencia no ámbito territorial de actuación de zonas de concentración parcelaria tanto realizadas, como en execución ou previstas.

Do resultado de dito cruce detéctase que no Concello de Lugo leváronse a cabo 6 procesos de concentración parcelaria, rematados e firmes, que afectaron ás parroquias de Adai, Camoira, Ombreiro, Orbazai, Poutomillos e Labio. Igualmente decretouse o 19.08.1967 unha zona denominada "Lamas e Calde", que foi declarada caducada segundo o establecido na Disposición Transitoria 5ª da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*, ao carecer de solución de continuidade dado que non se levaron a cabo datos administrativos firmes nos últimos 15 anos anteriores á entrada en vigor da lei.

Á vista de todo o exposto, co Plan parcial de Solo Industrial no sector de SUD Coeses - Cuiña – parroquias de Santa Eulalia de Cuíña e Santa Madalena de Coeses - **non se producen interaccións** con proceso algún de concentración parcelaria.

Informe

Sen prexuízo dos demais informes que conforme a lexislación vixente deban prestar outras adminsitracións ou organismos públicos competentes, en relación coas competencias deste Servizo en materia de concentración e reestruturación parcelaria, e en particular con respecto ao regulado no artigo 34 º da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, informo que non procede efectuar alegacións ao plan presentado.

Non se atopan outras circunstancias que poñer de relevo.

Lugo,

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias

María Pérez Folgueira

(Asinado dixitalmente)

Asinado por: PÉREZ FOLGUEIRA, MARIA
Cargo: Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo
Data e hora: 12/06/2018 14:42:53

Documento asinado dixitalmente en sesión Plenaria de data do 30-06-2022
SECRETARIO XERAL DO PLENO,
Rafael José del Barrio Berbel